



**DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE  
ESTADA CON ELEMENTOS PREFABRICADOS (ESTADA TUBULAR)  
CONFORME Á NORMA UNE-EN 12810-1:2005 OU EQUIVALENTE  
NA VÍA PÚBLICA**

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_,  
en representación de \_\_\_\_\_,  
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).
2. A estada que pretende instalar na rúa \_\_\_\_\_, cumpre as disposicións específicas relativas a utilización de estadas de conformidade co Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, e:
  - Dispón do marcado “CE” ou do certificado de produto vixente emitido de conformidade coa norma UNE-EN 12810-1:2005 ou equivalente e das instrucións específicas do fabricante, provedor ou subministrador, sobre a montaxe, a utilización e a desmontaxe do equipo e que ditas operacións realizaranse na forma e nas condicións e circunstancias previstas en ditas instrucións.
  - Atópase debidamente homologada e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
  - Será montada e desmontada, modificada substancialmente ou inspeccionada no seu caso, baixo a dirección de D./Dna. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_, que posúe a formación universitaria ou profesional que o habilita para iso, e por traballadores que recibiron unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, que lles permite enfrontarse a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5 de Real Decreto 1215/1997.
3. Designa a D./Dna. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_, como recurso preventivo responsable das operacións de montaxe e desmontaxe da estada, modificación substancial ou inspección no seu caso, de acordo co artigo 32bis “Presenza dos recursos preventivos” da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
4. Esta en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A declarante,                      A dirección montaxe da estada,                      O recurso preventivo,

Asdo.: \_\_\_\_\_                      Asdo.: \_\_\_\_\_                      Asdo.: \_\_\_\_\_